

NOTA DE PRENSA

CARLOS MACIÁ

249 litros

INTERTEXTUAL

Ciclo de exposicións

16 xaneiro – 5 abril 2015

comisariado por Ángel Calvo Ulloa

Lugar

Anexo
[vestíbulo principal]

Horario

Luns a sábados (festivos incluídos) de
11.00 a 21.00
Domingos, de 11.00 a 14.30

Comisario

Ángel Calvo Ulloa

Producción

MARCO, Museo de Arte Contemporánea
de Vigo



Dta.: Carlos Maciá. 249 litros. Foto: cortesía do artista

ANEXO

Nova sala de proxectos na antiga tenda-librería

A partir de xaneiro 2015, o lugar ata agora dedicado a tenda-librería no vestíbulo principal do MARCO convértese en sala de proxectos, retomando o espírito do Espazo Anexo na praza peonil posterior (2004-2011). Seguindo un dos signos distintivos do MARCO, esta nova liña de programación pon especial énfase na produción propia, tanto no que se refire ás obras en si —novas producións realizadas especificamente para este espazo— como ao comisariado —ciclos de exposicións por proposta dun mesmo comisario, con periodicidade anual.

A programación ábrese co ciclo *Intertextual*, comisariado por **Ángel Calvo Ulloa**, que estará en marcha durante todo un ano. O ciclo inaugúrase coa intervención titulada **249 litros**, de **Carlos Maciá**.

Coincidindo coa xornada inaugural, o **venres 16 de xaneiro ás 19.30**, terá lugar no **salón de actos** un **encuentro** aberto ao público no que participarán o artista **Carlos Maciá**, e o comisario, **Ángel Calvo Ulloa**.

SÍNTESI DO PROXECTO EXPOSITIVO

INTERTEXTUAL

Ciclo de intervencións durante o ano 2015

Anexo

[A intertextualidade] “É unha noción que parece estar moi de moda. Pero eu non a entendo referida ao literario exclusivamente. A obra literaria ha de ser remitida a outros espazos estéticos. Aquí existe un problema grave da crítica literaria, polo menos como se practica entre nós. A min influíume máis a estética musical de Anton Webern que as correntes literarias máis próximas. Tamén a pintura, e non só na súa contemplación, senón a lectura de textos teóricos, como é o caso de Kandinsky ou Klee. En xeral, a crítica literaria é absolutamente allea a este fenómeno”.

José Ángel Valente

A intertextualidade, segundo as palabras de José Ángel Valente, non se pode entender referida unicamente á relación entre creadores do campo da literatura. As influencias teñen que romper con esa serie de divisións invisibles e conectar dese modo as artes plásticas coa poesía, ou a música co pensamento filosófico, dando lugar a múltiples diálogos que deben ter como lugar común o día a día, o cotián.

Intertextual parte dunha selección de artistas pertencentes a unha mesma xeración, voceiros da realidade artística nacional e internacional dos últimos anos, que atopan nesa conexión de influencias un campo de traballo ideal. O espazo de tempo é un ano durante o que se levarán a cabo as cinco exposicións. A proposta nace da necesidade de configurar lugares para proxectos que ofrezan aos artistas a oportunidade de producir obras específicas, a partir da recreación e consolidación dun espazo como o Anexo do MARCO.

O antigo Espazo Anexo do MARCO, situado na praza peonil posterior, funcionou durante oito anos como sala de proxectos na que se invitaba a artistas a desenvolver obras *in situ*. Entre 2004 e 2011 leváronse a cabo vinte exposicións, nunha iniciativa que nalgúns casos supuxo a súa primeira mostra individual nun contorno museístico. A partir de agora, coa estrea do ciclo *Intertextual*, o lugar da antiga tenda-librería no vestíbulo principal ofrece un lugar privilexiado, tanto polas súas dimensións e características coma polo tránsito continuo de visitantes, para a visibilidade das propostas.

Á intervención de Carlos Maciá seguirán, ao longo de 2015, outros catro proxectos de **Mauro Cerqueira** (Guimarães, Portugal, 1982), **Juan López** (Cantabria, 1979), **June Crespo** (Bilbao, 1982), e **Fernando García** (Madrid, 1975).

CARLOS MACIÁ. *249 litros*



249 litros, como mostra inaugural deste espazo, establece unha mirada cómplice coa exposición de Angela de la Cruz que en 2004 abriu o antigo Espazo Anexo. A intervención de Maciá realizada en 2013 no Pavillon Suisse de Le Corbusier en París, ou a recente *15 litros* en Madrid, supuxeron dous bancos de probas para unha obra que supera os límites do abarcable e que representa para o artista un desafío a todos os niveis.

A obra de Carlos Maciá mantén un estreito vínculo coa arquitectura. Proveniente do campo da pintura, o seu traballo pasa en ocasións a desenvolverse sobre os muros do espazo expositivo, superando así o soporte bidimensional e establecendo un diálogo coa arquitectura, que envolve o espectador. A entrada de luz modifica o ámbito e capta eses momentos precisos nos que algo máxico parece estar a acontecer, como unha excusa perfecta para deterse e esperar.

Carlos Maciá volve ao MARCO nove anos despois da súa participación na exposición *Urbanitas*, ocupando un espazo sobre o que xa traballara entón e, aínda que inmerso nun proceso que inevitablemente se adscribe ao campo da escultura, cun traballo puramente pictórico.

NOTAS BIOGRÁFICAS

SOBRE O ARTISTA

Licenciado en Belas Artes pola Universidad Politécnica de Valencia, **Carlos Maciá** (Lugo, 1977) vive e traballa en Madrid. Ten participado, entre outras, nas seguintes mostras colectivas: *Hospitalidad. Obras en la colección del CGAC*, comisariada por Miguel von Hafe— (Centro Galego de Arte Contemporánea, 2014); *On Painting* (CAAM, Las Palmas de Gran Canaria, 2013); *Sin motivo aparente*, comisariada por Javier Hontoria (CA2M, Móstoles, 2013); *Urbanitas* (MARCO, Vigo, 2006); *Spain on the Edge. Fragments of a Narrative Conflict* (Instituto Cervantes, Chicago, 2010); *Look Up! Natural Porto Art Show*, proxecto de intervencións na cidade do Porto, 2010; *Ingràvid. Festival de Cultura Contemporánea do Ampordà* (Figueres, Girona, 2010); *Melodías prohibidas*, proxecto de intervencións artísticas do Festival SOS 4.8 comisariado por David Barro (Murcia, 2011); ou *Festival Artec Primavera 2012* (Centro Ágora, A Coruña). Entre as súas exposicións individuais destacan *¡Ten cuidado, no vayas a matar a alguien!* (A Chocolataría, Santiago de Compostela, 2006); *La leyenda del tiempo* (MACUF, A Coruña, 2008); *ST. Provisória* (Espazo Carpe Diem: Arte e Pesquisa, Lisboa, 2011); e *Pavillon Suisse* na Fundación Suíza da Cité Internationale Universitaire de París. Maciá ten acadado importantes premios e bolsas como a da Fundación Pollock-Krasner de Nova York (2012), a Bolsa CAM de Artes Plásticas (Xapón, 2009); Generaciones 2007 de Caja Madrid, ou a Bolsa de Creación Artística no Estranxeiro de Unión Fenosa (Nova York, 2006). Exemplos do seu traballo atópanse en importantes coleccións privadas e de institucións como o CGAC, CAM, MACUF, Caja Madrid, Caixanova, Cajastur ou Fundación María José Jove.

www.carlosmacia.com

SOBRE O COMISARIO

Crítico de arte e comisario independente, **Ángel Calvo Ulloa** (Lalín, Pontevedra, 1984) é redactor xefe de *Dardo Magazine* e redactor de *A*Desk*. Como comisario desenvolveu o proxecto de intervencións públicas *Un disparo de advertencia* (Lalín, 2011); a exposición *Natureza! Estás soa?* de Álvaro Negro (PALEXCO, A Coruña, 2011); a colectiva *Welcome to my Loft* (Centro Torrente Ballester, Ferrol, 2012); *Wily Forza Ingovernable* (FAC, Santiago de Compostela, 2013); *Agora!*, proxecto de intervencións no espazo das Bodegas Martín Códax (Cambados, Pontevedra, 2013); *Sssh! Del silencio un lenguaje* (Galería Nuble, Santander, 2013); Crise de identidade (Fundación Granell, Santiago de Compostela), *En el coche de San Fernando* (SALÓN (Madrid); *Sobre el muro* (Galería L21, Madrid), dentro do programa *Jugada a 3 Bandas* (2014); *Aprender a caer* (Programa *Inéditos 2014*, La Casa Encendida, Madrid), e *Aún un paisaje tranquilo...* (Barcelona, Convocatoria 2014 Can Felipa de Arts Visuals). Dentro do programa TOKONOMADRID, foi convidado a participar como comisario na residencia do Tokonoma Apartment de Kassel. Ángel Calvo Ulloa é membro do colectivo OsTres, que elabora o programa expositivo do Espacio Miramemira, en Santiago de Compostela.

www.angelcalvoulloa.com

NOTA DE PRENSA

PROGRAMACIÓN E CALENDARIO

INTERTEXTUAL

Ciclo de exposicións

Lugar: Anexo (vestíbulo principal)

Comisario: Ángel Calvo Ulloa

Producción: MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo

Á intervención de Carlos Maciá seguirán, ao longo de 2015, as de **Mauro Cerqueira, Juan López, June Crespo, e Fernando García.**

MAURO CERQUEIRA (Guimarães, Portugal, 1982)

- 10 abril – 14 xuño 2015

JUAN LÓPEZ (Cantabria, 1979)

- 26 xuño – 23 agosto 2015

JUNE CRESPO (Bilbao, 1982)

- 4 setembro – 1 novembro 2015

FERNANDO GARCÍA (Madrid, 1975)

- 13 novembro 2015 – 24 xaneiro 2016

+ INFO sobre actividades e programación do MARCO en:

www.marcovigo.com

<http://www.facebook.com/marcovigo>

<https://twitter.com/MARCOVigo3>

Para calquera consulta ou información, diríxase a:

MARCO, Departamento de Comunicación (Marta Viana)

Tel. +34 986 113900 / 113908 / 113904

marta.viana@marcovigo.com